



## ORAMOS EN FAMILIA

26 de abril de 2020

PASCUA 3º-A

Xn. 24, 13-35: "Recoñecérono ao partir o pan".

Mensaxe: Quen escoita a Xesús e comparte o seu pan encontra un proxecto de felicidade.



### 1. ACOLLIDA

*Na mesa do comedor familiar poñemos un mantel, un vasiño con auga, no centro un cirio aceso, un anaco de pan ("abríronselles os ollos ao partir o pan" ou "queda connosco, Señor") e uns evanxeos. O cirio acendémolo ao ler o evanxeo.*

**Nai:** Amigos, o domingo é o día que nos reunimos os cristiáns, porque é o día da Resurrección e o día en que Cristo se lles aparecía aos primeiros discípulos e lles daba a súa paz.

Hoxe, igual que os cristiáns de Emaús, escoitaremos a palabra de Deus que poñerá un pouco de luz no momento en que estamos a vivir cos nosos cansazos e rutinas. Tal como entón, hoxe achégase á nosa familia, faise presente no medio de nós para devolvernosa a ilusión, a fe, a alegría e a esperanza. Nós estamos seguros de que Quen escoita a Xesús e comparte o seu pan atopa un proxecto de felicidade.

*Un dos pais molla os dedos no vaso de auga, lembrando o noso bautismo, e bendí os fillos facéndolles unha cruz na fronte como signo de bendición e de que pedimos a Deus perdón. Daquela todos xuntos din:*

*-No nome do Pai... Cristo Resucitado, que nos trae a alegría e a paz e fortalece a nosa fe, está connosco. Amén.*

### 2. LECTURAS

**Pai:** A primeira lectura (Feitos 2,14.22-33), Paulo dá o seu primeiro discurso misioneiros denunciando que os xudeus crucificaron a Xesús a través dos romanos. Di as cousas como son, con forza e agarimo. E anuncia que "a ese Cristo Deus o resucitou e nós somos testemuñas. No evanxeo Xesús faise o encontradizo cos discípulos de Emaús e eles descóbrenlo vivo e resucitado.

#### **Fillo 1. Lectura do santo Evanxeo segundo san Lucas 24, 13-35:**

Aquel mesmo día (o primeiro da semana), dous dos discípulos de Xesús ían camiñando a unha aldea chamada Emaús, distante de Xerusalén uns once quilómetros; ían conversando entre eles de todo o que sucedera. Mentres conversaban e discutían, Xesús en persoa achegouse e púxose a camiñar con eles. Pero os seus ollos non eran capaces de recoñecelo. El díxolles: «*Que conversación é esa que traedes mentres ides de camiño?*». Eles detivéronse con aire entristecido, e un deles, que se chamaba Cleofás, respondeulle: «*Es ti o único forasteiro en Xerusalén que non sabes o que pasou alí estes días?*». El díxolles: «*Que?*». Eles contestáronlle: «*O de Xesús o Nazareno, que foi un profeta poderoso en obras e palabras, ante Deus e ante todo o pobo; como o entregaron os sumos sacerdotes e os nosos xefes para que o condenasen á morte, e o crucificaron. Nós esperabamos que el ía liberar a Israel, pero, con todo isto, xa estamos no terceiro día desde que isto sucedeu. É verdade que algunhas mulleres do noso grupo sobresaltáronnos, pois indo moi de mañá ao sepulcro, e non atopando o seu corpo, viñeron dicindo que mesmo viran unha aparición de anxos, que din que está vivo. Algúns dos nosos foron tamén ao sepulcro e atopárono como dixeran as mulleres; pero a el non o viron*». Entón el díxolles: «*Que necios e torpes sodes para crer o que dixeron os profetas! Non era necesario que o Mesías padecese isto e entrase así na súa gloria?*». E, comezando por Moisés e seguindo por todos os profetas, **explicoulles o que se refería a el en todas as Escrituras.**



Chegaron preto da aldea onde ían e el simulou que ía seguir camiñando; pero eles apremárono, dicindo: «**Queda connosco, porque atardece e o día vai de caída**». E entrou para quedar con eles. Sentado á mesa con eles, tomou o pan, pronunciou a bendición, partiuno e íallo dando. A eles abríronselles os ollos e recoñecérono. Pero el desapareceu da súa vista. E dixerónse o un ao outro: «**Non ardía o noso corazón mentres nos falaba polo camiño e nos explicaba as Escrituras?**». E, levantándose naquel momento, volveron a Xerusalén, onde atoparon reunidos os Once cos seus compañeiros, que estaban a dicir: «*Era verdade, resucitou o Señor e apareceuse a Simón*». E eles **contaron** o que lles pasara polo camiño **e como o recoñeceron ao partir o pan.**

*Palabra do Señor.*

"O home que facía milagros", ddebuxo: <https://www.youtube.com/watch?v=vSiojJ0Z0G8>


"Cristo aparece no camiño a Emaús", película: <https://www.youtube.com/watch?v=4tflbVFc8jI>

## REFLEXIÓN ORANTE *(pódese poñer música de fondo).*

- Este texto describe o nacemento á fe e á misión dos dous: abríronselles os ollos, recoñecérono ao partir o pan, e volveron contar aos seus compañeiros a boa noticia. Camiñaron con Xesús, pero a súa mirada distraída e superficial non soubo ver o misterio profundo que habitaba na súa vida. Ti e mais eu sabemos o credo de memoria, imos á misa... pero comprendemos a Xesús e temos experiencia da súa compañía?
- Á tardiña Xesús aparéceselle os dous de Emaús. Foxen, están decepcionados pola morte de Xesús, a súa vida está escura. Nós vivimos experiencias importantes de fe ao celebrar a comunión, vivimos tempos no seo da igrexa, onde atopamos acollida e aprendemos a vivir a fe e a dar un sentido ás cousas. Pero temos visto que a sociedade cambia e nós talvez nos deixamos arrastrar. Experimentamos o cansazo, o afastamento ou a decepción? Non necesitaremos tamén nós ser atopados por Xesús?
- Os discípulos escoitan a Xesús que lles explica as escrituras e ao escoitalo “arde o seu corazón”, e recoñéceno “ao partir o pan”, na eucaristía. Son consciente de que quen escoita a Xesús e comparte o seu pan atopa un proxecto de felicidade? Cal é o proxecto que Deus ten para min? Descubro os acontecementos segundo o mirar de Deus? Será verdade o que di o Papa Francisco “con Xesús sempre nace e renace a alegría” ( EG 1)?
- Actividade:** Amplía o debuxo do fondo, colorea as portas de cores divertidas e escribe nelas o nome dos teus familiares e veciños. Antes de durmir reza por eles e pide a Deus que entre nas súas CASAS e as encha de PAZ.

Tamén se podería utilizar para a reflexión este vídeo tan bonito e actual:

- “Sendeiros de vida”, Verbo Divino 2020, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=AjfGDKO76Q8>



## 3. ORACIÓN DA COMUNIDADE

**Nai:** A Xesús resucitado, que se fai presente cada domingo entre nós na palabra e no pan dicímoslle:

**Todos:** *Queda conosco, Señor.*

**Fillo 1.** Pola igrexa, que nos axude a vivir con alegría desbordante este tempo da Pascua. *Oremos.*

**Fillo 2.** Polos que teñen dúbidas. Polos que perderon o Señor e viven tristes. *Oremos.*

**Fillo 1.** Polos pobres, polos que non teñen o imprescindible para vivir e seguir adiante. *Oremos.*

**Fillo 2.** Polos que nenos de primeira comunión e os de confirmación, para que coa axuda dos seus pais vivan este tempo rezando, ilusionándose por coñecer máis e mellor a Xesucristo. *Oremos.*

**Fillo 1.** Para que botemos de misa a misa do domingo xa que sen este encontro con Xesús debilitámonos na fe. *Oremos.*

**Fillo 2.** Para que os enfermos se curen axiña, que o persoal sanitario e de servizos sintan o noso apoio e Xesús sexa a súa forza. *Oremos.*

**Fillo 1.** Pedimos tamén por todas aquelas persoas que xa nos deixaron e polas que non podemos visitar, aínda que vivan a uns pasos... porque o corazón non se pon en corentena e estraña igual. *Oremos.*

**Todos:** Ti que fixeches camiño conosco, ti que te achegaches ás nosas dúbidas e desánimos: QUEDA CONNOSCO! Ti que nos abriches a Escritura e coa túa palabra e a túa presenza fixeches arder o noso corazón: QUEDA CONNOSCO! Ti que aceptaches non abandonarnos ao declinar o día, ti que compartiches o noso teito e partiches para nós o pan: QUEDA CONNOSCO! Ti que nos devolviches o ánimo e fixeches renacer en nós o gozo; ti que nos envías a anunciar aos que teñen medo, que nos precedes no camiño e nos preparas unha mesa: QUEDA CONNOSCO! O teu corpo é o pan que nos congrega, o teu sangue é o viño da nosa festa: ao reunimos no teu Nome, a túa Eucaristía convértese para nós en esperanza dunha vida sempre nova. QUEDA CONNOSCO!

**Nai:** -Que o Señor nos bendiga e nos garde a todos. / **Todos:** -Amén.

**Canto:** Señor “Queda conosco”, Camiño de Emaús: [https://www.youtube.com/watch?v=m5ccE\\_tpH3w](https://www.youtube.com/watch?v=m5ccE_tpH3w)

**SUXESTIÓNS:** 1. Os dous debuxos de abaixo son dúas fichas que podemos ampliar e repartir aos nenos. 2. O evanxeo pódese ler dialogado repartindo os personaxes: narrador, Xesús, Cleofás, discípulos de Emaús, Apóstolos. 3. Hoxe podería ser axeitado dedicar un momento a facer unha intención de comungar dicindo esta oración: “Creo, meu Xesús, que estás realmente presente no Santísimo Sacramento do Altar. Ámote sobre todas as cousas e desexo recibirte na miña alma. Pero como agora non podoo recibirte sacramentado, ven cando menos espiritualmente ao meu corazón. Como se xa te tivese recibido, abrázote e únome todo a Ti. Non permitas, Señor, que xamais me separe de Ti. Amén”. 4. Outro canto: Coñecémoste, Señor ao partir o pan de Joaquín Madurga.

Cara a Emaús camiñando,  
a tristeza como amigo;  
sen darme conta, Xesús,  
que ti camiñas comigo.  
Non andaba o meu corazón  
enfascado no latexo?  
Non latía con ardor,  
cando estaba compunxido?  
Que pobreza, meu Señor,  
o non terte coñecido.  
Partir o pan abudou  
para saberte moi vivo.  
Por que será, Salvador,  
que me fan falta signos,  
cando sei moi ben que Ti  
camiñas sempre comigo?  
Ábreme o teu corazón,  
tan só iso eu che pido!



Queren escoucha la Palabra de Jesús y toma su Pan vivo feliz. Pasa a tu mente cuando o narrador narra que le son su historia de evangelio feliz.



Queren escoucha la Palabra de Jesús y toma su Pan vivo feliz. Pasa a tu mente e parte o teu pan feliz que le son su historia de evangelio feliz.